

OS TEXTOS EXPOSITIVOS

Son os que se empregan para contar feitos ou conceptos de maneira clara e ordenada, para que as persoas que os lean poidan comprender ben o que se está explicando. É dicir, son textos que informan e explican de xeito obxectivo, sobre un tema en concreto, sen emitir ningunha valoración.



CAL É A SÚA ESTRUTURA?

1. Introducción

- **Obxectivo:** presentar o tema do que se vai falar para captar a atención das persoas lectoras.
- **Que podo incluír?**
 - **Tema principal:** Sobre o que trata o texto?
 - **Breve explicación do motivo polo que se escolle o tema:** Por que é importante coñecer o tema?
 - Pódese **comezar por unha pregunta ou dato curioso** para espertar o interese.
- Exemplo: “A contaminación dos mares e océanos é un dos maiores problemas ambientais da actualidade. Cada ano, milleiros de toneladas de lixo rematan nas augas mariñas, afectando a vida das especies destas augas e tamén a persoas”.



2. Desenvolvemento

- **Obxectivo:** explicar a información de xeito claro, concreto e ordenado.
- **Que podo incluír?**
 - **Ideas principais:** desenvolvidas en distintos parágrafos.
 - **Datos, exemplos ou explicacións:** que axuden a comprender mellor o tema.
 - **Comparacións, definicións ou clasificacións:** en función do tipo de contido, co obxectivo de ofrecer máis información sobre o tema.
- Exemplo: “Unha das principais causas da contaminación mariña é o uso excesivo de plásticos. Este tipo de materiais poden permanecer no mar durante centos de anos. Moitos animais confúndenlos con alimento e morren ao inxerilos. Ademais, os plásticos microscópicos están xa presentes na auga que consume o ser humano e mesmo nalgúns alimentos.



3. Conclusión ou final

- **Obxectivo:** pechar o texto cunha pequena reflexión ou cun pequeno resumo dos aspectos máis importantes.
- **Que podo incluír?**
 - **Breve resumo das ideas principais.**
 - **Reflexión final.**
- Exemplo: “Protexer os océanos é unha acción que depende do ser humano. Con pequenos hábitos, como reciclar, pódense conseguir grandes resultados”.

